



ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDICIÓNIS LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTES DA COMUNIDADE DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSIANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. O presente acordo será de aplicación ao persoal funcionario e laboral docentes dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.2. A redución de rateos resultará de aplicación nos centros públicos e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. REDUCCIÓN DE RATEOS

2.1. Redúcense as rateos na educación infantil e na educación primaria, co seguinte calendario de aplicación:

	24-25	25-26	26-27	27-28	28-29	29-30	30-31	31-32	32-33	33-34
4º EI	23	20	20	20	20	20	20	20	20	20
5ª EI	25	23	20	20	20	20	20	20	20	20
6º EI	25	25	23	20	20	20	20	20	20	20
1º EP	25	25	25	23	20	20	20	20	20	20
2º EP	25	25	25	25	23	20	20	20	20	20
3º EP	25	25	25	25	25	23	20	20	20	20
4º EP	25	25	25	25	25	25	23	20	20	20
5º EP	25	25	25	25	25	25	25	23	20	20
6º EP	25	25	25	25	25	25	25	25	23	20

2.2. Se nalgún caso excepcional non puidese cumprirse as novas rateos establecidas, por inexistencia de aulas no centro educativo, no caso das ensinanzas de educación infantil e primaria, dotarase ao centro cun especialista de educación primaria máis dos que lle corresponden por catálogo.



3. INCREMENTO MENSUAL DO COMPOÑENTE DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FORMACIÓN PERMANENTE DOS/DAS FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DOCENTES.

3.1. O importe mensual do compoñente do complemento específico por formación permanente do persoal funcionario e do persoal laboral docentes terá os seguintes incrementos:

Efectos	Incremento porcentual
01.01.2024	5%
01.01.2025	5%
01.01.2026	5%
TOTAL	15%

3.2. Transcorridos seis anos desde a sinatura do presente acordo, para o perfeccionamento do compoñente do complemento específico por formación permanente, requirirase que o profesorado teña acadado o nivel B1 de competencia dixital docente.

A Consellería comprométese a realizar unha oferta formativa suficiente que permita a todo o profesorado acadar o nivel B1.



4. INCREMENTO POLO DESEMPEÑO DE ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO, POR SER RESPONSABLE DE CENTROS DE MENOS DE 3 UNIDADES EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E POR FUNCIÓN DE INSPECCIÓN EDUCATIVA.

4.1. Incremento lineal polo desempeño de órganos unipersoais de goberno, por ser responsable de centros de menos de 3 unidades en educación infantil e primaria e polo exercicio de función de inspección:

Efectos	Contía mensual en euros
01.01.2024	15
01.01.2025	15
01.01.2026	15
TOTAL	45

4.2. Este incremento resulta de aplicación tamén aos seguintes postos que teñen equiparada a súa retribución a unha dirección ou a unha xefatura de estudos de centros tipo A:

- Xefaturas de Residencias.
- Membros dos equipos de orientación específica.



- Á dirección do CAFI, CFRs, Centro Galego de Innovación da Formación Profesional e o Centro Autonómico de Formación e Innovación e ao persoal asesor destes centros.
- Asesores técnicos docentes.

5. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a:

5.1. Elaborar un plan de simplificación das tarefas burocráticas nos centros educativos que permita unha maior dedicación do persoal docente ás actividades especificamente educativas.

5.2. Estender e regular a posibilidade de realizar reunións de forma telemática aos órganos de coordinación docente, nos centros educativos, sempre que así o decida o Claustro de profesorado no uso da súa autonomía e, se é o caso, do órgano convocante segundo a natureza das sesións a realizar.

5.3. Incrementar o importe das axudas por formación “reintegros por formación”.

6. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO.



Para facilitar o cumprimento e interpretación deste acordo constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e das organizacións sindicais asinantes, que se reunirá polo menos unha vez ao ano ou por petición de calquera das partes.

Santiago de Compostela,

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL
E UNIVERSIDADES

Román Rodríguez González

POR.....